



Concello de Portomarín

BASES DA CONVOCATORIA PUBLICA DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A ADQUISICIÓN DE CANONS DE ESPARCEMENTO DE AUGA ALIMENTADOS POR GRUPO DE BOMBEO.

PRIMEIRA.- Obxecto.

De acordo ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, a Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeneral de subvencións e en Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións a favor de veciños deste concello, para a adquisición por parte de estes de canóns de esparcemento de auga alimentados por grupo de bombeo que se poidan acoplar as cisternas existentes nas súas explotacións.

O obxectivo que se persegue con estas axudas é ter dentro do concello de Portomarín varios canóns de esparcemento de auga a disposición do servizo de loita contra lumes forestais no caso de ser necesarios, o cometido deste equipamento será sempre regar e refrescar zonas próximas a edificacións antes de que o lume chegue a elas e sempre coa correspondente indicación do director de extinción do incendio, nunca poderán actuar sobre o lume directamente.

Os vehículos de arrastre e a cisterna onde se acopla o canon deben dispor de todos os permisos e seguros en regra, e o condutor debe estar capacitado para tal fin.

A capacidade mínima das cisternas que portarán o equipo será de 10.000 l, por debaixo de esta capacidade non serán admitidas as solicitudes.

Para que estes sistemas se atopen o máis distribuídos posible dentro do Concello, divide este en catro sectores, garantindo así a existencia dun canón por sector:

Sector 1: San Bertomeu de [Bagude](#), San Mamede de [Belade](#), [San Salvador de Sabadelle](#), San Pedro de [Vilarbasín](#), Santiago de [Soengas](#).

[Sector 2: San Martiño de Castro de Soengas](#), Santa María de [Narón](#), Santa María de [Castromaior](#), San Cibrao de [Nespereira](#), San Mamede de [O Río](#).

[Sector 3:](#) San Pedro de [Vilaxuste](#), San Pedro de [Recelle](#), San Xián de [Caborrecelle](#), Santa María de [Gonzar](#).

[Sector 4:](#) Santa María de [Cortapezas](#), S. Lourenzo de [Fiz de Rozas](#), San Martiño de [León](#), San Nicolao de [Portomarín](#), San Pedro de [Portomarín](#), San Martiño de [Vedro](#).

O procedemento de concesión destas axudas tramitase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

A xestión das subvencións obxecto desta convocatoria, realizarase de acordo cos principios establecidos no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Concello de Portomarín

SEGUNDA.- Beneficiarios e obrigas.

Poderán ser beneficiarios desta axuda:

As persoas físicas e/ou xurídicas, que pretendan levar a cabo a adquisición do equipamento obxecto desta bases e que cumpran cos seguintes requisitos:

- En caso de ser persoas física, deberán estar empadroados en Portomarín na data de aprobación das presentes bases. En caso de persoa xurídica, deberán estar dados de alta no padrón do I.A.E. do Concello de Portomarín na data de aprobación das presentes bases.
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias nacionais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como non ter débedas co Concello de Portomarín, no momento de concesión da subvención e no momento do pago da axuda.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas que estean incursoas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes **obrigas**:

- a) Comprometerse a adquisición do equipo subvencionado e asumir o financiamento da parte non subvencionada do custe total.
- b) Comunicar ao Concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- d) Conservar os documentos xustificativos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

TERCEIRA.- Contía.

O importe destinado ao financiamento destas axudas fíxase en 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 136.78 do orzamento municipal vixente de 2018.

A axuda económica que se conceda acadará ata o 40 % do investimento co límite máximo de 2.000,00 € por solicitude (I.V.E. engadido), ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior.

Unha vez esgotada a contía máxima fixada anteriormente, publicarase o esgotamento da contía máxima fixada e acordarase a inadmisión das posteriores solicitudes, a dita publicación efectuarase na paxina web oficial do concello de Portomarín. (www.concellodeportomarin.es)

CUARTA.- Gastos subvencionables.

Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados da adquisición dun canón de esparcemento de auga alimentado por grupo de bombeo que se poidan acoplar as cisternas con capacidade igual ou superior aos 10.000 l existentes na explotación e incluso a conexión a cisterna, totalmente instalado e funcionando que cumpra cos requisitos mínimos marcados no anexo IV e neste documento.



Concello de Portomarín

Os gastos obxecto de subvención deberán haber sido efectuados no período comprendido desde o 01/01/2018 ata esgotar o crédito correspondente no ano 2018.

Sóo se poderá realizar unha solicitude por persoa física ou xurídica. Cando o órgano tramitador observe que un solicitante participa en máis dunha solicitude, poñerallo de manifesto para que, no prazo de 10 días, poida desistir da solicitude ou solicitudes necesarias para dar cumprimento ao establecido, a solicitude á que se renuncie, perderá a súa prelación na orde de entrada no rexistro. No caso de non terse presentado a renuncia no prazo sinalado, enténdense que o solicitante desiste das súas peticións, para os efectos da resolución que se dite conforme a estas bases.

QUINTA.- Iniciación e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude xunto coa documentación requirida dirixirase ao Concello da Portomarín e presentarse por calquera medio previsto nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será de UN MES e comezará a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, debendo presentarse dita solicitude, segundo o modelo oficial publicado na páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es) e na sede electrónica municipal (<http://portomarin.sedelectronica.gal>), acompañado da documentación que se detalla a continuación:

- Datos de identificación da persoa solicitante ou, no seu caso, da persoa representante.
- Xustificación dos permisos de circulación, itv, seguros etc... da maquinaria que utilizará o canón.
- Copia do permiso de conducir en vigor da persoa responsable do equipo.
- En caso de ser persoas física, certificado de empadronamento no Concello en Portomarín.
- En caso de persoa xurídica, certificado de alta no padrón do I.A.E. do Concello de Portomarín.
- Certificación de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Declaración responsable do solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou, no seu caso, a autorización para a súa consulta polo persoal municipal.
- Tres ofertas, como mínimo, de diferentes provedores que en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 € no caso de subministración de bens de equipos ou prestación de servizos, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto fora realizado con anterioridade á subvención.

As subvencións son compatibles con calquera outra axuda pública, a condición de que a suma do importe de todas elas non supere o custe total da actuación concreta.

SEXTA.- Prazo de execución.-

O prazo para realizar e xustificar a adquisición e posta en funcionamento do equipamento subvencionado será de UN MES dende a aceptación da concesión da axuda, salvo que regulamentariamente se contemple a posibilidade de prórroga.

Procederese á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustifico



Concello de Portomarín

teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e a condición de que se acredite que a actuación concreta está totalmente en funcionamento.

SÉTIMA.- Resolución, notificación e modificación.

A Xunta de Goberno resolverá a concesión de subvencións.

A resolución deberá ser motivada e, en todo caso, deberán quedar acreditados os fundamentos da resolución que se adopte.

Deberá conter o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, e a desestimación do resto das solicitudes, no seu caso.

O prazo máximo de resolución e notificación é de seis meses desde a publicación da correspondente convocatoria.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada a solicitude da concesión por silencio administrativo. Os interesados, contra a devandita resolución, que pon fin á vía administrativa, conforme ao establecido nos artigos 52.2 da Lei 7/85, do 2 de abril e 46 da Lei 29/98, do 13 de Xullo, en relación co previsto no artigo 123 da LPACA, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, ou ben directamente recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses desde a recepción da resolución ou ben desde a recepción da resolución do recurso potestativo de reposición, no seu caso.

A notificación das resolucións farase por comunicación escrita aos interesados se son persoa física, salvo que estes indiquen expresamente outra forma de notificación, e electrónicamente se o interesado e persoa xurídica, procedéndose, en calquera caso, conforme ao previsto no art. 42 e 43 LPACA.

OITAVA.- Aceptación e obrigas dos beneficiarios.

O beneficiario disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención de conformidade co artigo 21.5 da Lei de subvencións.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

O concello de Portomarín poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a



Concello de Portomarín

realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos no artigo 12 desta orde.

c) Incumprimento da obriga de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.

d) Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.

e) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

5. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos e proceder ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte a natureza do investimento.

6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

NOVENA.- Xustificación e pagamento.

As persoas ou entidades beneficiarias deberán executar as actuacións subvencionadas e presentar a conta xustificativa, dentro dos prazos determinados na resolución de concesión da axuda e o consecuente recoñecemento das obrigas.

A conta xustificativa estará integrada polos seguintes documentos:

a) Declaración responsable asinada polo beneficiario segundo o modelo do anexo III destas bases, en que se faga constar:

O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro destas bases, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras



Concello de Portomarín

administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

De haber outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse unha relación detallada de tales ingresos ou subvencións con indicación do importe e da súa procedencia.

Que o beneficiario non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que os beneficiarios están ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedoras por resolución de procedemento de reintegro.

b) Declaración responsable asinada polo beneficiario segundo o modelo do anexo III destas bases, en que se faga constar:

O cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.

c) Facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, por importe igual ou superior a subvención concedida. As facturas deberán conter os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

d) Xustificante da transferencia ou transferencias bancarias, que estará/n debidamente identificada/s e selada/s pola entidade bancaria, que acrediten a efectividade dos pagamentos dos gastos incluídos na conta xustificativa da subvención.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola entidade beneficiaria das subvencións.

e) Fotografías da placa de publicidade colocada no equipamento subvencionado.

DECIMA.- Libramento das subvencións.

O Concello de Portomarín, de atopar conforme a documentación xustificativa, proporá o libramento dos fondos, sempre que o beneficiario cumpra a obriga de adquirir o equipamento que fundamentou a concesión, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Portomarín poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

DECIMO PRIMEIRA.- Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei



Concello de Portomarín

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMO SEGUNDA. Concorrenza de axudas e subvencións públicas.

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axuda, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada.

DECIMO TERCEIRA. Incumprimento de obrigas

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da dita lei, a persoa ou entidade beneficiaria comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquela, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

DECIMO CUARTA. Transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO QUINTA. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Regulamento UE 2016/679, de 27 de abril de 2016, Regulamento xeral de protección de datos da UE os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación.

O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Portomarín.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Concello de Portomarín, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Concello de



Concello de Portomarín

Portomarín, Praza Condes de Fenosa s/n, 27170 Portomarín ou a través dun correo electrónico a infoportomarín@concellodeportomarín.es

DECIMO SEXTA. Publicidade

En toda a información e/ou publicidade do equipamento subvencionado, farase constar a colaboración e participación deste Concello, para tal fin o Concello fará entrega a cada beneficiario dunha chapa ou adhesivo para colocar no equipo subministrado.

DECIMO SÉTIMA. Réxime Xurídico.

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



Concello de Portomarín

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DUN CANON DE ESPARCEMENTO DE AUGA ALIMENTADOS POR GRUPO DE BOMBEO.

Don/DonaDNI.....
en nome propio (ou en representación de)con CIF.....
con domicilio en
TelefonoCorreo electrónico

Tendo coñecemento das axudas convocadas por o Concello de Portomarín para a adquisición de canons de esparcemento de auga alimentados por grupo de bombeo para acoplar nas cisternas existentes nas explotacións gandeiras do concello, coa fin de contribuír a minimizar o risco dos lumpróximos forestais cercanos as edificacións, **SOLICITO**, ao amparo da mesma, a concesión dunha axuda para os Gastos que se indican a continuación:

Denominación do equipo:
Orzamento total (€):
Subvención solicitada (€):
Porcentaxe %:
Sector onde se empraza a explotación:
Datos bancarios, declaro baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.
Titular da conta:.....
Num de conta (24 díxitos): ES.....

Documentación que se achega:

- Xustificación dos permisos de circulación, itv, seguros etc... da maquinaria que utilizará o canón.
- Copia do permiso de conducir en vigor da persoa responsable do equipo.
- Certificación de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- En caso de ser persoas física, certificado de empadronamento no Concello en Portomarín.
- En caso de persoa xurídica, certificado de alta no padrón do I.A.E. do Concello de Portomarín.
- Tres ofertas, como mínimo, de diferentes provedores que en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 € no caso de subministración de bens de equipos ou prestación de servizos, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto fora realizado con anterioridade á subvención.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Reúne os requisitos esixidos para ser beneficiario de ditas axudas.
- Non solicitei nin recibín ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención. (riscar o que NON proceda)
- Si solicitei e/ou recibín outras axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que se relacionan a seguir:
.....(riscar o que NON proceda)
- A cisterna onde se vai acoplar o equipo subvencionado dispón de unha capacidade igual ou superior a 10.000 litros de almacenamento, e estará dispoñible para o servizo de loita contra lumes forestais no caso de ser necesarios.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E COMPROMÉTOME A:

- En caso de ser beneficiario da axuda ou subvención, cumprir as obrigas de:



Concello de Portomarín

- * adquirir o equipamento subvencionado e asumir a financiamento da parte non subvencionada do custe total.
- * realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- * xustificar, presentar a documentación necesaria e sometemento expreso as actuacións de comprobación que efectúe o Concello, e as de control financeiro que corresponde a intervención municipal.

Asumindo as responsabilidades a que dera lugar por incumprimento das mesmas

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Regulamento UE 2016/679, de 27 de abril de 2016, Regulamento xeral de protección de datos da UE os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Portomarín. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Concello de Portomarín, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Concello de Portomarín, Praza Condes de Fenosa s/n, 27170 Portomarín ou a través dun correo electrónico a infoportomarín@concellodeportomarín.es

En Portomarín, a de de 2018

Asdo

AO SR ALCALDE-PRESIENTE DO CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).



Concello de Portomarín

ANEXO II

ACEPTACIÓN DE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DUN CANON DE ESPARCIMENTO DE AUGA ALIMENTADOS POR GRUPO DE BOMBEO.

Don/DonaDNI.....
en nome propio (ou en representación de)con CIF.....
con domicilio en
TelefonoCorreo electrónico

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data onde se me concede un axuda de€ sobre un total de€ para a adquisición de

Por medio da presente:

NON acepto a subvención concedida.

Acepto a subvención concedida quedando obrigado a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.
3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos no artigo 12 desta orde.
 - c) Incumprimento da obriga de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente credencial de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.
 - d) Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.
 - e) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.
5. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos e proceder ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte a natureza do investimento.
6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

E comprométome a presentar a conta xustificativa no prazo sinalada nas bases que rexen esta convocatoria así como no acordo da Xunta de Goberno de concesión da axuda.

En Portomarín, a de de 2018

Asdo

AO SR ALCALDE-PRESIENTE DO CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).



Concello de Portomarín

ANEXO III

CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA RECIBIDA PARA A ADQUISICIÓN DUN CANON DE ESPARCIMENTO DE AUGA ALIMENTADOS POR GRUPO DE BOMBEO.

Don/DonaDNI.....
en nome propio (ou en representación de)con CIF.....
con domicilio en
TelefonoCorreo electrónico

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Non solicitei nin recibín ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención. (riscar o que NON proceda)
- Si solicitei e/ou recibín outras axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que se relacionan a seguir:
.....(riscar o que NON proceda)

- Así mesmo declaro o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados son os seguintes:

Acredor		Datos factura				Data de pago
Razón social	CIF	Número	Concepto	Data	Importe (€)	

Documentación que se achega:

- c) Facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, por importe igual ou superior a subvención concedida. As facturas deberán conter os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- d) Xustificante da transferencia ou transferencias bancarias, que estará/n debidamente identificada/s e selada/s pola entidade bancaria, que acrediten a efectividade dos pagamentos dos gastos incluídos na conta xustificativa da subvención.
Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola entidade beneficiaria das subvencións.
- e) Fotografas da placa de publicidade colocada no equipamento subvencionado.

En Portomarín, a de de 2018

Asdo

AO SR ALCALDE-PRESIENTE DO CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).



Concello de Portomarín

ANEXO IV

REQUISITOS TECNICOS MINIMOS DO EQUIPAMENTO.



Grupo de bombeo

- depresor mínimo 6500 l/min + bomba centrífuga mínimo 6000 l/min 5 bares.
- un dispositivo para accionar individualmente o depresor e a bomba centrífuga.

- un canon con orientación e rotación hidráulica automática.
- unha trampa a pedras (cámara de aire con saída ao fondo da cuba).
- desviador de 3/8" e 12 V.
- transmisión con xunta homocinética con limitador de fusible para unha potencia de 50 CV.

DILIXENCIA:

As presentes bases da convocatoria pública de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a adquisición de canons de esparcemento de auga alimentados por grupo de bombeo e que consta de 13 follas (incluída a presente) foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de trece de xuño de dous mil dezaoto.

O Secretario